

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 7 de setembro de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Alvarez  
D. Carlos López Font  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesus Lago Rey

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Carmela Silva Rego  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día sete de setembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1046).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1047).- EXECUCIÓN DE BY-PASS DE CONEXIÓN DA ANTIGA TUBARIA TERRESTRE DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á PENÍNSULA DO MORRAZO CO EMISARIO RECÉN CONSTRUÍDO. EXPTE. 64549/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 7.09.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a execución do By-Pass de conexión da antiga tubaria terrestre de abastecemento de auga á

Península do Morrazo co emisario recen construído, polas razóns de emerxencia que figuran no informe que antecede.

A autorización concédese nos termos previstos na “modificación número 3” da solicitude da citada Consellería, debéndose repoñer o pavimento afectado polas obras unha vez rematadas as mesmas a o seu primitivo estado.

En todo caso, e coa maior urxencia, no prazo máximo de UN MES deberán presentar o regulamentario proxecto técnico para a súa aprobación por este Concello.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e sete minutos. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.